



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)
CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2018**

SESIÓN Nº 8/2018

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Carlos Vázquez Padín.

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Antonio Castro Negro
Estrella Carmen Muradas Maceira
Yovana Velázquez Torres

**GRUPO MUNICIPAL DO
PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González.
María Yolanda Rodríguez Rodríguez
José Ramón Magán Rivera

GRUPO MUNICIPAL C21

Eduardo Freiría Martínez

GRUPO MUNICIPAL

CIUDADANOS TUDENSES

Milagros González Monteiro
Andrés Urseira González

GRUPO MUNICIPAL BNG

María Carmen Núñez Méndez.
José Martínez Tato

GRUPO MUNICIPAL

ALTERNATIVA TUDENSE

Miguel Angel Capón Rey
María José González Pérez

GRUPO MIXTO

Laureano Alonso Álvarez
María Jesús da Silva Fernández.

Na Casa do Concello, ás vinte horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaioito, reúñense os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello Pilar Fernández Alonso e a interventora Elisa Marqués Parrilla. O obxecto da reunión é realizar a sesión ordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 7/2018, DE 28 DE XUÑO.-

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar á acta correspondente á sesión ordinaria número 7 de 28.06.2018.

Ao non haber observacións o alcalde somete a votación a aprobación do borrador da citada acta (sesión ordinaria número 7 de 28.06.2018), que se aproba por 17 votos a favor, que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

2º.- EXPEDIENTE 263/2018. DITAME DESFAVORABLE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 16/07/2018, DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2018 E AS SÚAS BASES DE EXECUCIÓN.-

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 19 de xullo de 2018, desfavorable á proposta de Alcaldía de data 16.07.2018, que se transcribe:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello para 2018 (Expediente núm. 263/2018)

Téndose formado por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2018, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e aprobado inicialmente, cunhas previsións iniciais, tanto en gastos como en ingresos, de 8.285.926,51 €.

Visto que, trala súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2018, e sometemento a exposición pública (en cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 112, de 12 de xuño de 2018), polo prazo de quince días (entre os días 12 de xuño e 3 de xullo de 2018), durante os cales os/as interesados segundo o artigo 170.1 TRLRFL puideron examinalo, e se presentaron ao mesmo, no rexistro xeral do Concello de Tui, segundo certificado da Secretaria municipal, de data 12 de xullo de 2018, as seguintes reclamacións ao orzamento:

SOLICITANTE	Nº REXISTRO	DATA REXISTRO
Enrique Cabaleiro González voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE	2018-E-RC-5518	27/06/2018

Visto que o artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que "Artículo 170. Reclamación administrativa: legitimación activa y causas.



(...)2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.”

Visto que, segundo o informe da Intervención EMP 55/2018, de 13 de xullo.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación determinar a estimación ou desestimación das alegacións presentadas.

De acordo co establecido no artigo 169TRLRFL remito ao Pleno o expediente e

PROPONO

Que adopten os seguintes acordos:

1.- Inadmitir as alegacións presentadas por Enrique Cabaleiro González, voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE.

2.-Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Tui para o ano 2018, cunhas previsións iniciais, tanto en gastos como en ingresos, de 8.285.926,51 €.

3.- Aprobar definitivamente as Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron

4.- Aprobar definitivamente o cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

5.- Publicar o orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, e remitir unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

5.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista, e indicar que, segundo o artigo 170.2 TRLRFL. contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.”

Intervén o concelleiro do grupo mixto, Laureano Alonso Álvarez, que di que é a terceira vez que veñen os orzamentos o que é unha mostra clara da incapacidade do goberno de levar adiante a xestión do concello. Alude a que neste orzamento non aparece unha partida que axude a paliar o problema da traxedia de Paramos, e a que expuxeran que era mellor retrasar quince días o orzamento e contemplar esa partida, pero que o Alcalde negouse. Apunta que tamén no orzamento retiraban unha adicación, pero que agora xa traen unha modificación do orzamento para unha adicación. A continuación o concelleiro pregunta se teñen algunha partida para a creación do centro de interpretación do Casco Histórico. Continúa a súa intervención o Sr. Alonso Álvarez indicando que en comercio hai cero euros, e que o que hai no acordo programático non se plasma nos orzamentos. Engade que

o Alcalde sabe que hai unha sentenza xudicial (no TSX de Galicia) que afecta a unha reclamación sobre taxas abusivas a determinados negocios polo lixo, e que o concello ten que devolver a unha empresa 21.000 euros, e sinala que o Alcalde segue cuns orzamentos que non contemplan esa baixada na recadación. Remata a súa intervención indicando que o goberno fai calquera cousa menos gobernar e que non é sensible coa traxedia de Paramos.

Intervén o concelleiro de Alternativa Tudense, Miguel Capón Rey, dicindo que van votar en contra ao igual que as dúas veces anteriores, e que repiten o argumento, que fundamentalmente se ciñe a que continuaran co orzamento prorrogado e así a fin de ano podería producirse un aforro con vistas ao problema tan gordo que se ten coa traxedia de Paramos. Engade que eses ingresos a máis virían moi ben.

Intervén a concelleira do BNG, Carmen Núñez Méndez, dicindo que van votar en contra. Engade que, sen estenderse, hai algo importante, que non se poden presentar uns orzamentos a poucos días da traxedia de Paramos sen modificar nada, e que se puido agardar quince días e contemplar partidas para Paramos. Continúa a intervención sinalando que ademáis son uns orzamentos elaborados sen criterio nin fío conductor. Alude a que porque protestaron os sindicatos incrementouse a partida pero tampouco demasiado, a que se incrementou en dependencia sen preocuparse de que esa partida non se vai poder desenvolver por falta de persoal, a que o PSOE solicitou unha partida para a execución subsidiaria no conxunto histórico e creouse unha partida cunha contía insuficiente. Alude asemesmo á inexistencia de investimento nas parroquias, que foron marxinas, sinala que hai uns días empregados municipais limparon un muro da Garda Civil que non é municipal, e engade que o recinto das festas de Areas, Paramos e outros son municipais. Remata a súa intervención a Sra. Núñez Méndez indicando que por todo isto van votar en contra.

Intervén o concelleiro do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González, dicindo que pensa que non é o intre de volver debater o que xa foi a aprobación inicial. Comenta que o procedemento foi pouco serio, que coas aportacións dos grupos da oposición o orzamento recibiu pequenas modificacións, e que dubida que se acabe executando definitivamente o orzamento vendo o ritmo de xestión que teñen. Engade que o orzamento non contempla inversións, salvo a pavimentación en Paramos e Guillarei. Comenta que se menospreciou unha alegación do PSOE no senso de que os orzamentos están obrigados a recoñecer realidades de gastos que de algunha forma xa están contemplados, e engade que a habilitación de 500.000 euros supuxo que ao non telo en orzamentos levouse por vía de urxencia, e que iso é actuar en fraude de Lei e o poñen na alegación. Dille ao Alcalde que non volva a facer esa xogada porque se a fai vai acabar nos tribunais porque iso é fraude de Lei, e alude a que lle sorprende que os técnicos do concello deixaran pasar iso. Continúa indicando que xa traen unha modificación puntual do orzamento para unha adicación, e que esa anécdota reflexa o rigor do goberno. Engade que camuflan como gasto extraordinario gasto ordinario para poder acudir a remanente, e que este orzamento é un orzamento virtual e dada a progresión do goberno vaille sobrar diñeiro. Anuncia que votarán en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quere aclarar ao Sr. Alonso que ven a pleno a aprobación definitiva, e que é a primeira vez que ven a pleno a aprobación definitiva. Comenta que á oposición lles parece mal o acordo programático, e que é unha referencia das cousas ben feitas que deberan considerar, algo que deberan valorar positivamente. Engade que ou están en contra da transparencia ou non entende por qué insisten no acordo programático como algo negativo, e que o fan tamén no Parlamento Galego. A



continuación o Alcalde, respecto do falado de concentrar o mercado dos xoves, comenta que saben que o levamos a comisión informativa e que se deixou sobre a mesa para a acreditación da titularidade municipal, que iso se debateu en comisión a semana pasada, e que iso fala do seu perfil político e da falta de respecto aos cidadáns de Tui.

En relación ao río apunta que levan varios intentos de levar a reordenación do fronte fluvial. Alude a que levan 8 meses e a que o goberno anterior levaba 27 e non se viu a transformación de Tui. Engade que o goberno anterior vendeuse ben pero os feitos brillaron pola súa ausencia.

Pregunta como poden dicir que non nos preocupamos por Paramos, cando se trouxo habilitación de crédito, e pregunta se acaso queren retrasar a axuda a Paramos levándoo pola vía de orzamentos.

Alude a que a oposición pensa máis nos seus intereses partidarios que nos orzamentos necesarios para a cidadanía, porque uns orzamentos con 800.000 euros máis é algo positivo para a cidadanía.

Continúa a súa intervención o Alcalde indicando que os veciños de Paramos saben que se está atendendo, pero o que hai que buscar é axilidade, e tentar modificar os orzamentos por Paramos é un ánimo dilatorio. Alude ao investimento previsto de sobre 200.000 euros, a maior parte nas parroquias, e a que vai o proxecto de sinalización, Penizas, etc.

En relación ao dito polo Sr. Cabaleiro de que é pouco serio modificar os orzamentos, comenta o Alcalde que están en minoría e que hai que buscar pactos, e que eles tiveron que modificalos. Pregunta se pretenden que un goberno en minoría non teña capacidade para negociar os orzamentos e sacalos adiante con modificacións, e alude a que iso é terlle pouco cariño a Tui.

Continúa o Alcalde indicando que o informe da interventora desestima a súa alegación, e alude a que os catro partidos que estamos no goberno nunca fixemos unha práctica obstruccionista cando estabamos na oposición, porque iso non é responsable. Alude a que o único que obstruíron foi a consolidación da taxa do IBI, e a que ao principio frearon a ordenanza de ruidos pero que ao final tamén lla aprobaron. Comenta que sen embargo, vostedes están tratando de paralizar de forma sistemática.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que para ser coherente se vai abster, que cre que con iso se facilita a aprobación, pero que non cre que con iso se diga que está de acordo. Sinala que o fai en atención a peticións de veciños, e que os orzamentos é responsabilidade do Alcalde aprobalos ou non, a partir de aí o que fagan ou non é responsabilidade de vostedes.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que non sabe se está cordo ou delirando, que o Alcalde conta cousas de película que non teñen que ver coa realidade. Engade que se o Alcalde non aprobou os orzamentos foi porque destrizou o equipo de goberno e se cargou a maioría que tiña. Comenta que a cidadanía sabe quen é cada quen. Alude a que o Alcalde dixo se non lera a carpeta, e pregunta quen é para dicir iso. Sinala que a primeira vez que o Alcalde retirou os orzamentos foi porque pretendía unha baixada de 100.000 euros no capítulo de persoal.

Comenta que o outro día levou a comisión o traslado de ubicación do mercado, e que os que levamos aquí certo tempo sabemos que esas rúas ás que pretendían o traslado non son municipais e pertencen á SAREB. Engade que pretendía facer un mercado municipal en terreos privados, e que eles lle dixeron que se ían meter en problemas porque as rúas non estaban recepcionadas e non se podería cobrar a taxa por ocupación de dominio público aí, e que podería haber problemas de responsabilidade.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez indicando que o Alcalde non ten capacidade para xestionar este orzamento, que en 9,5 meses non fixeron nada e que agora lle quedan 5 meses, e que ten proxectos do Plan provincial sen executar.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que a proposta de un millón de euros para Paramos a fixo o PSOE, e que a proposta de que ese millón fose ampliable fíxoa Alternativa Tudense. Alude a que a falta de prudencia é evidente, a que o outro día lle preguntara canto custaron os concertos do Pacto de Tui (45.000 euros) e cal fora a recadación solidaria para Paramos (e vostede dixo 1.700 euros).

Comenta que o goberno se opuxera á limpeza viaria e que fixera diminuír o proxecto e a adxudicación quitando cuestións. Engade que o que ocorre é que eles facían as cousas ben e que tamén é certo que non daban vostedes golpe.

O Alcalde faille unha primeira advertencia ao Sr. Capón Rey, e lle pide que non falte ao respecto aos membros da Corporación.

Continúa o Sr. Capón Rey dicindo que o goberno tomou o poder legalmente, ilexítimamente dende a súa perspectiva, e que se fixeron ese acordo programático se supón que sabían como estaba o concello.

Intervén o Sr. Cabaleiro González dicindo que o Alcalde recriminou o feito de que lle votemos en cara o acordo programático, e engade que non sabe se o teñen ou non, pero que na realidade cotidiana non aparece por ningún lado a súa plasmación.

Engade o Sr. Cabaleiro que eles tiñan acordo programático e responsabilidade e sensatez.

Comenta que a moción de censura se fixo con lexitimidade, pero se fixo polo que se fixo, para impedir a consolidación do anterior goberno.

Engade que o goberno cando estaba na oposición sí se opuxo, empezando pola oposición ao orzamento do anterior goberno.

Respecto do tema de Paramos sinala o Sr. Cabaleiro González que moitas das propostas que implementou o concello foron propostas do conxunto da oposición. Comenta que que fale de retraso orzamentario xa é falar de sarcasmo, e que se o orzamento viu tres veces foi porque vostede se cargou o seu goberno. Engade que incluso un membro do seu goberno na votación inicial se abstivo e a vostedes non lles cadraba os números.

Comenta que a alegación do PSOE non paraliza o orzamento, e dille ao Alcalde que non diga que fixeron a alegación para retrasalo. Alude a que hai un funcionario do concello (candidato do PP) que ten a tres compañeiros do PP no goberno, que públicamente dixo que o concello estaba paralizado, e que ao mellor tamén debería dar algunha explicación de por qué están paralizados os proxectos en contratación.

Continúa o Sr. Cabaleiro aludindo a que é certo que lle queda pouco tempo de goberno, pois haber feito a moción de censura antes, e comenta que a moción non se fixo para sacar ao concello da parálise, fíxose polo que se fixo. Pide que o Alcalde asuma a súa responsabilidade, e di que se dez meses despois da moción non ten maioría debería marchar para casa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que fala de rúas privadas como se se quixese facer un mercado nunha finca de alguén, pero se trata de rúas abertas ao tráfico, pavimentadas e que figuran no PXOM, como a rúa Tomiño, se ben é certo que non se fixo a recepción.

Comenta que no fondo de emerxencia social todos estaban de acordo, que fora unha proposta do PSOE que él asumira como propia, que o partido do PSOE dixera un millón de euros e que él dixo pois un millón para que non se opuxesen, e que despois aínda o criticaron de por qué dixera un millón. Engade que que convocasen a Xunta de Portavoces para consensuar neste asunto e que adoptasen como propias algunhas propostas da



oposición, indica a súa xenerosidade e altura de miras. Comenta que hai que ter a capacidade de escoitar e coller ideas, e que se facían cousas das que dicían, algunhas porque nos parecían boa idea e outras para evitar un conflito político.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que insisten en que tomaron o poder, e comenta que os cidadáns escollen aos concelleiros e os concelleiros elixen ao Alcalde, e que nin o PSOE nin C21 gañaron as eleccións, que gañou as eleccións o PP, e que son os concelleiros os que escollen ao Alcalde, e tan lexítimo é ser alcalde en xuño de 2015 como en outubro de 2017.

Respecto da alegación indica o Alcalde que claro que retrasa, xa que se non a hai non ten que vir ao Pleno e queda automaticamente elevada a definitiva a aprobación, polo que o orzamento xa estaría en vigor se non houbese alegacións.

Ao non producirse máis intervencións, a continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta do Alcalde de data 16/07/2018 arroxando a votación o seguinte resultado: **oito (8) votos a favor** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), **oito (8) votos en contra** (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto) e **unha (1) abstención** (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación sobre a aprobación da proposta de Alcaldía de data 16/07/2018, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: **oito (8) votos a favor** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), **oito (8) votos en contra** (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto) e **unha (1) abstención** (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito). En consecuencia, co voto de calidade do Alcalde queda aprobada a proposta de Alcaldía de data 16/07/2018.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

- 1.- Inadmitir as alegacións presentadas por Enrique Cabaleiro González, voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE.
- 2.-Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Tui para o ano 2018, cunhas previsións iniciais, tanto en gastos como en ingresos, de 8.285.926,51 €.
- 3.- Aprobar definitivamente as Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron
- 4.- Aprobar definitivamente o cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral que se achega xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- 5.- Publicar o orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e taboleiro de anuncios deste Concello,

xuntamente co cadro de persoal, e remitir unha copia del á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

6.- O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista, e indicar que, segundo o artigo 170.2 TRLRFL. contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA PATRIMONIO E PERSOAL DE PROPSOTA DE ALCALDÍA DE DATA 16/07/2018, DE ESTABLECEMENTO DE DEDICACIÓN PARCIAL AO CARGO DE CONCELEIRO DE DEPORTES, CULTURA, PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE.

Pola Secretaria se procede á lectura do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 19/07/2018, favorable á proposta de Alcaldía de data 16/07/2018, do teor:

".../... PROPOSTA DE ALCALDÍA. ESTABLECEMENTO DE DEDICACIÓN PARCIAL AO CARGO DE CONCELEIRO DE DEPORTES, CULTURA, PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE.

Visto acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 14/11/2017, punto 5, polo que, entre outros aspectos, acórdase:

".../... SEGUNDO.- Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
<i>Concelleira delegada de Educación, Mercado, Persoal e Formación e Emprego.</i>	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
<i>Concelleiro delegado de Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado.</i>	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €
<i>Concelleiro delegado de Fomento (supervisión de proxectos), Seguridade e Mobilidade e Protección Civil.</i>	32,25 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 86%)	20.859,36 €

.../..."

Visto acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 25/01/2018, punto 5º, do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO: Suprimir a dedicación parcial establecida por acordo plenario de data 14/11/2017 ao seguinte cargo:

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
<i>Concelleiro delegado de Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado.</i>	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €



"

1

CONSIDERANDO que , de conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e considerando convinte a modificación das adicacións parciais establecidas no acordo plenario de 14/11/2017 (modificadas por acordo plenario de 25/01/2018), en atención ás responsabilidades e delegacións do cargo de Concelleiro delegado de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que legalmente ten conferidas e coa motivación recollida na parte expositiva da presente proposta, propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, como concelleiro delegado de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Concelleiro delegado de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €

SEGUNDO.- Manter no non afectado polo presente acordo o acordo plenario de data 14/11/2017 (modificado por acordo plenario de 25/01/2018).

TERCEIRO.-Consignar no correspondente orzamento municipal as cantidades derivadas da dedicación parcial do presente acordo, sen que en ningún caso se podan adquirir compromisos de gastos por importe superior ós créditos autorizados.

CUARTO.-Proceder á publicación deste acordo nos termos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local."

A continuación intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai un informe solicitado polo Sr. Capón Rey, que non se introducira na carpeta ata hoxe. Alude a que o Sr. Capón Rey solicitaba comparar o gasto do 2016 e do 2018, e comenta que cede a palabra á interventora.

Pola interventora se fai alusión ao seu informe de data 23/07/2018, no que se conclúe: "... a vista do anteriormente exposto, as dotacións orzamentarias no grupo de programa "912: Órganos de Goberno" do estado de gastos do Orzamento do Concello de Tui para 2018, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data

31/05/2018, destinadas a retribuir dedicacións parciais e/ou excusivas, aistencias as sesión dos órganos colexiados e outras indemnizacións dos membros electos da Corporación, non superan as dotacións orzamentarias para o mesmo fin, incluídas as retribucións do persal eventual, do Orzamento 2016 actualmente prorrogado.” Coméntase pola interventora que no 2018 hai que facer unha pequena transferencia de 3.000 euros, e que aínda así o gasto segue sendo inferior no 2018 que no 2016.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que sempre dixo que os concelleiros que traballan e dedican moito tempo ao concello teñen que ter unha retribución, engade que él diría case a totalidade dos que están no goberno. Comenta que él está de acordo en que teñan esa retribución, pero o que non está de acordo é en alardear de que eu gasto menos, que eso non lle parece correcto, que gastas o que teñas que gastar. Alude a que hai unha dedicación case total do Sr. Castro Negro e a adicación do Alcalde, e que os outros están a velas vir. Engade que a gran responsabilidade é do goberno. Continúa a súa intervención indicando que o informe di que o concelleiro dedica non sei cantas horas, e sinala que un concelleiro non ten horas, lle dedica 24 horas, e alude a que él aprendeu a durmir co teléfono acendido toda a noite. Reitera que non poden ter remuneración dous e o resto non, e alude a que a concelleira de Urbanismo un pouco o mesmo, terá que buscarse a vida por outro lado. Engade que o Urbanismo sabe o que require e que neste intre non temos concelleira de Urbanismo.

Intervén a concelleira de Urbanismo dicindo que iso é mentira.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que iso é certo, e que se quere despois replica. Para rematar a súa intervención o Sr. Prada Álvarez indica que se vai abster.

Intervén a concelleira de Urbanismo dicindo que evidentemente os que non teñen dedicación exclusiva nin media teñen que buscarse a vida, pero que se leva a concellería como se pode, como en anteriores gobernos por exemplo o Sr. Alonso Álvarez. Engade que atende ás persoas polas tardes, por teléfono... Comenta que a realidade é que aquí se vai a rebufo dos informes, que se instalou unha dinámica de que aquí o impulso de procedimental de oficio aos expedientes é cero, e que se traballa a base de providencias, e que non sabe se se instaurou en anteriores gobernos. Continúa indicando que o impulso dos procedementos correspóndelle ao concello e que para iso hai unha persoa que leva a dirección do Urbanismo.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que el estivo varios anos e que non lle diga que funciona por teléfono. Engade que él sentouse diante dunha funcionaria e intentei abrir un expediente e o Alcalde que había non o deixou, e comenta que vostede se ten que abri-lo ábrao.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que vostede se equivoca Sra. Silva. Alude a que eles cando asumiron o poder asumiron a responsabilidade que tiñan, e que el estaba aquí tódalas mañás e incluso as fins de semana.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez indicando que vostedes volven intentar esta adicación, e que o Sr. Freiría se equivoca indo da súa man, tratando mal ou con pouco tempo todos os asuntos que ten enriba da mesa. Engade que media adicación tampouco lle resolve nada, e que C21 desprezou as súas compañeiras e podería ceder algunha destas concellerías a concelleiras do goberno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non fale en nome de C21.



Indica o Sr. Alonso Álvarez que o Alcalde fala de prebendas do antigo grupo de goberno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dixo que vostedes teñen acusado de prebendas en moitas cousas.

Comenta o Sr. Alonso Álvarez que en gastos de San Telmo hai facturas de familiares do equipo de goberno, e que iso son prebendas. Engade que o Sr. Urseira deixou a concellería porque estaba farto, que a uns concelleiros se lles da e a outros non, que se dilapidaron 45.000 € no Pacto de Tui, que no entroido do 2018 vostede dictaminou que se lle retiveran 300 euros a unha comparsa porque no desfile non cumpriu as normas, e que vostede defínese de liberal e libertario.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Alonso Álvarez non sabe o que é liberal e libertario. Alude a que el doou libros á biblioteca e que vaia a deles e aprenda o que é liberal e libertario.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que tiñan un premio e lle detraen 300 euros, e que a él lle da vergoña. Engade a que no pacto do Alcalde di comezar a tramitación para canalizacións no casco, e sinala que non hai ningún avance niso. Engade que no PEPCHA tampouco hai avance.

Intervén o concelleiro Sr. Freiría dicindo que él non actuou intentando censurar a ninguén, e que esa comparsa incorreu en actos pouco cívicos, levando por diante xente e a punto de tirar un bebé ao chan.

Intervén o Alcalde dicindo que liberal e libertario non quere dicir que non teña que haber normas, ten que haber normas e respecto.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que entón tería que dicir que o Alcalde non mirou a carpeta do Pleno, porque tería que haber visto que non estaba o informe. Engade que cando él viu a mirar a carpeta estaba na Alcaldía. Comenta que xa dixera na comisión que se quería un informe comparativo de se eran os mesmos cartos, e agora se demostra que hai 3000 euros máis de gasto.

Intervén o Alcalde dicindo que non, que hai menos gasto agora.

Intervén o Sr. Capón Rey preguntando se hai unha redución ou un incremento no coste, e pide que lle responsa a interventora.

Intervén a Interventora dicindo que hai unha redución en órganos de goberno.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que os concelleiros cobran non por horas que están no Concello, senon que o cargo é por dirección política. Engade que a labor dos concelleiros ou a do alcalde se alguén a quere xuzgar é por resultados, e que os resultados non son bos. Comenta que o PEPCHA está pendente de aprobación. En relación ao tema do Pacto de Tui alude a que non di moito do Alcalde, e comenta que na súa capacitación profesional na vida privada debería ir máis da man de celebracións con certo contido histórico. Engade que se gastaron 45.000 euros no Pacto de Tui e que outro evento houbera custado menos, e que os resultados non o favorecen. Remata a súa intervención indicando que se van a

abster porque se cumpren as condicións, e engade que vostedes repartan como lles pareza, pero os traballos son de resultado.

Intervén a concelleira do BNG, Carmen Núñez Méndez, dicindo que menos mal que tiñan acordo programático, porque como sería se non o tiveran. Alude a que o primeiro que chama a atención é que C21 vai ter dúas adicacións fronte a unha do PP, e a que ostenta a Alcaldía e oito concellerías, e concellerías tan importantes para Tui. Engade que o PP tiña 4 concelleiros na moción de censura e ten 1 adicación e concellerías de menos peso. Pregunta se ningún concelleiro do PP quería a concellería de Deportes e Turismo, e pregunta por qué pasa isto. Engade que isto ten consecuencias, e que non se trata de darlle unha adicación a Freiría, se trata de que hai que cumprir os deberes do cargo e non van ser capaces. Continúa indicando que vostedes asinaron unha moción en base a unha acordo programático e nun punto dicían que ían resolver o atasco en Urbanismo. Engade que ningún membro do goberno ten firma delegada e alude a que o Sr. Padín foi a peza que necesitaba o PP para volver ao poder. Comenta que o goberno dicía que o ía a facer mellor, pero que obras do POS 2016 están sen facer, como a Restauración do palco da música, o suministro de mobiliario, a Reforma de beirarrúas que está pendente de substituír por maquinaria, a Rúa Camilo José Cela que non dará tempo... Engade que asemesmo moitas obras do POS 2017 están sen facer, e que xa están perdidas as subvencións para a intervención na Ponte de Pexegueiro. Engade que aprobáronse en sesión plenaria igualmente proxectos con cargo ao remanente que tamén están sen facer, e que a Deputación convoca anualmente axudas para a rehabilitación do casco e que nos presentáramos no primeiro ano e no segundo, e que este ano foi o único que non se presentou ningún proxecto. A Sra. Núñez Méndez continúa a súa intervención facendo referencia á perda da subvención da Xunta na sinalización das parroquias, a que non se producen avances en penalización, a que se deixou unha memoria para a colocación de cámaras e non se fixo nada, a que non hai novas zoas de aparcamento e non se colocan as sinais que faltan, etc. Engade que respecto da oficina do Ari, rematou o contrato en xullo, pero segue funcionando e non sabe se con ou sen contrato.

O Alcalde lle pide que vaia rematando.

A Sra. Núñez Méndez indica que non hai ningún avance na licitación do punto limpo, e que con sorte a ver se sacan a limpeza dos edificios municipais. Engade que o tema das parroquias se limpan a duras penas e sempre antes das festas. Remata a súa intervención indicando que se están a sufrir as consecuencias.

Intervén o concelleiro do PSdG-PSOE, Enrique Cabaleiro González, dicindo que pode ser entendible que un concelleiro no seu mandato acontezan circunstancias que lle fagan non atender as súas responsabilidades políticas, e sinala que eles entenden que entón dito concelleiro debería cesar nas súas responsabilidades. Engade que é imposible ser concelleiro de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente, e sinala que tamén é certo que coa dirección política que fai o goberno da igual que estén ou non. Comenta que con esta decisión están agravando aínda máis o problema e que é materialmente imposible.

Alude a que hai unha concellería de Comercio e a que en materia de comercio o municipio practicamente non ten competencias, a que o concelleiro de Eurocidade podería asumir outras responsabilidades e a que respecto do PP ningunha concellería vai por eles. Comenta que a concelleira de Urbanismo dixo, e lle parece grave, que está aquí na medida que pode e fai o que pode, e apunta que un concelleiro ten que estar e senón abandone as súas responsabilidades. Engade que tamén lle parece gravísimo que diga que se vai ao rebufo dos informes técnicos.

Tenta intervir a Sra. Da Silva.



O Sr. Cabaleiro González pide que sexan educados e respecten a quenda.

O Alcalde lle indica ao Sr. Cabaleiro González que él non foi educado no anterior pleno.

Continúa o Sr Cabaleiro González dicindo que a incoación e o impulso lle corresponden ao concelleiro, e que dificilmente se vai dirixir se non está pola mañá cando están os funcionarios. Engade que para o que facía aí é igual que esté ou non. Continúa indicando que dende o punto de vista político entende que debera renunciar, e que dende o punto de vista persoal flaco favor lle fixo vostede a quen a puxo nese posto. Engade que verá en poucos días do que están a falar.

Engade que fora diso lle parece lexítimo que quen efectúa un traballo e asume unha responsabilidade ten que cobrar, e que é mellor estar e cobrar que non cobrar e non estar. Comenta o Sr. Cabaleiro González que censura si, e que incluso tentan condicionar a labor periódica de traballadores desta corporación. Remata a intervención indicando que se van a abster, e que o modus operandi lles parece outro despropósito. Comenta que se fan un experimento e os oito do goberno se van para a casa, él asegúralle que o concello vai seguir funcionando igual ata as vindeiras eleccións.

Intervén o Sr. Alcalde e pídelle respecto.

Intervén o concelleiro Eduardo Freiría Martínez dicindo que non censurara nada, que se penalizou unha actuación incívica.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que non hai unha ordenanza para iso, e que o fixo porque quixo.

O Alcalde dille ao Sr. Alonso Álvarez que non ten a palabra e faille unha primeira advertencia.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non van facer como a Deputación, que hai unha quenda de cinco minutos e non se deixa nin acabar a frase.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que para escoitarte a tí

O Sr. Alcalde di que é importante saber a referencia política de como actúan uns e outros.

Intervén o Sr. Martínez Tato dicindo que iso non está na orde do día.

Intervén o Sr. Alcalde indicando ao Sr. Martínez Tato que non ten a palabra e que lle fai a primeira advertencia. Comenta que non o obriguen a desaloxar o Pleno.

Continúa o Alcalde indicando que é verdade que non se debe alardear do pouco que se cobra no concello, e niso dalle a razón ao Sr. Prada. Engade que o seu discurso sempre foi nese senso, que incluso chegouse a felicitar ao anterior goberno porque gastaba pouco, e que agora se gasta incluso menos, pero que non ten sentido alardear diso. Indica que o Sr. Freiría ten unha adicación en tempo que lle correspondía unha adicación económica, e que penso que non todos poden dicir o mesmo.

Continúa o Sr. Alcalde indicando á Sra. Núñez Méndez que, se teñen un acordo programático, el ten interese por coñecelo e pensa que o teñen que saber todos os cidadáns de Tui, a ver se os únicos transparentes somos os únicos sometidos ao escrutinio dos

cidadáns. Engade que el ten interese en coñecer eses cen puntos. Continúa aludindo a que o balance da Sra Núñez Méndez en Patrimonio é tremendamente pobre. Alude a que implementou a peonalización e tardou dous anos cando xa estaba todo feito, e dille que non veña a presumir de eficacia e xestión. Engade que o PEPCHA é moi lento e ao mellor non é responsabilidade súa que en dous anos e pico non conseguiran aprobalo. Continúa o Alcalde indicando que a concelleira falou de obras, e que respecto de Sambade-Malvas, en xuño ou xullo do 2017 levaron proxectos a remanente, por urxencia política, pero moitos deles estaban collidos con pinzas. Respecto desta obra de Sambade indica que non hai un proxecto conforme ao PXOM, que hai un proxecto de 2008 que non garda os anchos da estrada. Continúa o Alcalde indicando que o Centro Piragüismo está con pegas por Costas, que a Rúa Ourense rematou o prazo de presentación de ofertas e que a sinalización das parroquias non estaba concedido o permiso de Estradas e o prazo de execución era de catro meses, polo que a obra tiña que estar adxudicada en agosto e o 17 de outubro aínda non estaba o permiso de Estradas. Comenta o Alcalde que coa demagogia da concelleira o obriga a clarificar estes puntos. Engade que se se perdeu a subvención Marina-Metraia foi porque non se pode acreditar a titularidade dos terreos e iso é responsabilidade súa . Respecto do Palco da Música indica o Alcalde que o goberno anterior deixáralo practicamente adxudicado, pero que Patrimonio esixía un estudo dun especialista, e que agora vaise comezar en setembro para perxudicar o menos posible ás empresas da zona. Remata a intervención o Alcalde indicando que faláron de censura, pero que se hai unhas normas e unhas bases haberá que cumprilas, e que iso non é censura, que censura é o que fixeron vostedes no Entroido.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que cando foi concelleiro, fai moitos anos, que estivo a punto de abrir un expediente a un funcionario (a un arquitecto). Engade que a RPT asigna ao concelleiro a dirección do departamento de Urbanismo.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que lle parece grave que un concelleiro se dedique a quitar un premio arbitrariamente, sen criterio nin informes que o acompañen. Engade que iso se fixo de maneira chavacana e cargándose parte do estilo do carnaval. Comenta que van absterse e pídelles ao concelleiro que arranque, porque non arrancou e leva nove meses.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que se hai un persoaxe carnavalesco en política local asegúrolle que se chama Miguel Capón, e que se chegaron a editar moedas de un Capón. O Sr. Capón Rey pregunta se está de acordo co pregoeiro e pregón, con ese linguaxe soez e chavacano.

Intervén o Sr. Freiría Martínez dicindo que forma parte da cultura tamén.

O Sr. Capón Rey comenta que non. Engade que sendo el Alcalde xamáis se censuraron e nunca se utilizou esa linguaxe. Comenta que xa sabe qué concelleiro de Cultura hai.

O Sr. Capón Rey pregunta ao Alcalde se falou de que non tiñamos a propiedade do Paseo Fluvial.

O Alcalde comenta que el non dixera nada da propiedade do Paseo Fluvial.

Intervén a concelleira de Urbanismo dicindo que existe un proxecto da Senda Fluvial que encaixaba polo montante económico, pero que chegou un requirimento da Deputación de que non se acreditaba a titularidade municipal porque non se habían expropiado os terreos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el aludira ao proxecto de Marina a Metralla, que é o que meteron no Plan concellos.



Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que non cre que nin vostede nin ninguén poida levar o departamento de Urbanismo se non é cunha presenza diaria aquí.

Intervén a concelleira de Urbanismo dicindo que unha cousa é a dirección e outra a tramitación dos procedementos, e que o impulso da tramitación non é a interpretación do concelleiro.

O Sr. Prada Álvarez intervén dicindo que o concelleiro ten que facer andar.

Intervén a Sra. Núñez Méndez dicindo que eles estiveron case un ano sen secretario e sen arquitecto, que o PECHA estaba abandonado e ninguén sabía en que fase estaba, que da peonalización non había nada feito e só estaba unha ordenanza feita, que as pilonas estaban inundadas e os semáforos só permitían a entrada. Engade que se presentaron para unha subvención da Deputación do Cruceiro de San Bartolomé e Palco de San Bartolomé, que se puxo en marcha a oficina do ARI, a sinalización do casco, que con Plan Concellos solicitaron mobiliario urbano e que as cunchas que acaban de colocar foi unha xestión de Turismo e Patrimonio. Engade que tamén se licitou o Cantón de Diómedes, que se iniciou a xestión da compra do Teatro Principal, que se fixeron xornadas de Patrimonio, etc. Remata a súa intervención a Sra. Núñez Méndez indicando que nestes dous anos fixo ela máis que nos catro anos anteriores, clarísimamente.

Engade que o Alcalde dixo que ía por fin ao problema da movida no casco e sinala que cando remate o seu mandato falamos.

Intervén o Sr. Prada Álvarez para aclarar á concelleira de Urbanismo que el quixo dicir que si ela tivese un soldo ao mellor non tería que irse a outro traballo, e que non era unha cuestión de ofensa cara á concelleira.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non dí que non fixera nada, pero que comprenderá que se vostede ten un nivel de esixencia por 9 meses hai que porlle o correspondente a 27. Engade que van ter que por en equilibrio o que fixeron uns e o que fixeron outros en función do tempo que estiveron. Remata a súa intervención o Alcalde indicando e balance da anterior concelleira de Patrimonio, tendo en conta que só levaba Patrimonio, non é excesivamente bo.

A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a proposta do Alcalde de data 16/07/2018, que resulta aprobada con **oito (8) votos a favor** (3 do PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), **cero (0) votos en contra e nove (9) abstencións** (3 PSdG-PSOE, 2 AT, 2 BNG, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.-Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación parcial, como concelleiro delegado de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce

correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Concelleiro delegado de Deportes, Cultura, Patrimonio e Medio Ambiente.	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €

SEGUNDO.- Manter no non afectado polo presente acordo o acordo plenario de data 14/11/2017 (modificado por acordo plenario de 25/01/2018).

TERCEIRO.-Consignar no correspondente orzamento municipal as cantidades derivadas da dedicación parcial do presente acordo, sen que en ningún caso se podan adquirir compromisos de gastos por importe superior ós créditos autorizados.

CUARTO.-Proceder á publicación deste acordo nos termos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE PROPOSTA DE ALCALDIA, DE DATA 16/07/2018, DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS.

Pola Secretaria se procede á lectura do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 19/07/2018, favorable á proposta de Alcaldía de data 16/07/2018, do teor:

"(.../...) Asunto: expediente de aprobación da modificación da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Visto o informe da Tesourería municipal de data 22/06/2018 no que se advirte que non existe cobertura legal para a condonación das débedas tributarias de acordo co disposto no artigo 75 da Lei Xeral tributaria e sobre a imposibilidade de establecer beneficios fiscais distintos aos establecidos por Lei.

Tendo en conta a urxencia e especial gravidade da situación derivada dos tráxicos sucesos acontecidos o día 23 de maio de 2018 e os numerosos danos persoais e materiais derivados da explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos en Tui, considérase oportuno e necesario modificar a ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Tendo en conta que o artigo 103.2 do RD Lexislativo 2/2004 establece a posibilidade de bonificación sobre a cota do ICIO de ata o 95% a favor de construcións, instalacións u obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, correspondendo dita declaración o Pleno da Corporación previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Vistos os informes de Intervención-Tesourería de data 28/06/2018 e de data 13/07/2018.



Á vista do exposto, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **PROPÓN**, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, ó Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Tui, engadindo o apartado 4, que quedará redactado como segue:

"7.4.- Establécese unha bonificación do 95% a favor das obras de reconstrución, reparación ou rehabilitación dos inmobles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos do día 23 de maio de 2018, por concurrir circunstancias sociais que xustifican que sean declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

Esta bonificación se concederá, previa solicitude do suxeito pasivo, polo Pleno da Corporación por voto favorable da maioría dos seus membros, aplicándose con carácter retroactivo dende o día 23 de maio de 2018. A súa tramitación se levará a cabo polo departamento de Urbanismo do Concello, que informará sobre a súa procedencia no caso de tratarse de obras referidas a inmuebles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos".

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo."

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que se trata de que a máxima bonificación que tiña encaixe é do 95%. Engade que acordáronno en Xunta de Portavoces e se trae ao Pleno.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que están de acordo, e que todo o que se faga pola xente de Paramos e os afectados é pouco.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que evidentemente están de acordo, e que no que non están de acordo é nos prazos en que se trae. Engade que se trae de forma tardía porque en reunións co Alcalde se lle explicou que o que propoñía os informes ían a ser desfavorables. Continúa a concelleira indicando que dez minutos antes do anterior pleno, o alcalde por cabezonería quería que a bonificación fora do 100%, e que se lle dixo de forma reiterada que a Lei o impedía e que os informes eran desfavorables.

Engade a Sra. Rodríguez Rodríguez que esa ordenanza tiña que estar exposta ao público e que calquera alegación nese periodo tumbaría a tramitación da ordenanza. Indica que agradece que entrase en razón e que traía a ordenanza como tiña que traela, evitando que en exposición pública por alegacións esa ordenanza puidera decaer.

A continuación a Sra. Rodríguez Rodríguez, respecto da referencia que fixera o Alcalde, alude a que a intervención máis corta que fixo o Alcalde excede de nove minutos.

Comenta a Sra. Rodríguez Rodríguez que, respecto da oficina de urbanismo...

Intervén o alcalde para indicarlle á concelleira que iso non procede.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que anteriormente si e que non quixo interromper. Engade que os expedientes de reposición da legalidade a Lei do Solo permite unhas actuacións, e é o político quen decide. Alude a concelleira a que non se pudo outorgar licenza de primeira ocupación ao centro de Saúde. A continuación pide que se revise a licenza de xulgados e indica que cos informes como están non se lle poderá outorgar a licenza de primeira ocupación á Xunta.

O Sr. Alcalde indícalle á concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez que é a segunda advertencia, que ese non é o punto e que se quere o plantexe en rogos e preguntas, e que senón se procederá á expulsión.

O Sr. Alonso Álvarez replícalle ao Sr. Alcalde que tería que quitar a palabra, non expulsar.

O Sr. Alcalde di que é verdade que el quería bonificar ao 100%, porque non lle parecía xusto nin que tivesen que asumir o 5%. Engade que intentou buscar formas pero que ningunha delas tiña pleno encaixe legal. Comenta que en Xunta de Portavoces coas súas reticencias accedeuse a que a bonificación fose do 95%.

Intervén o Sr. Capón Rey comentando que as persoas somos escravas das nosas palabras se están por escrito. Alude a que o 25/06/2018 o Alcalde pon nun whatsapp no grupo da Xunta de Portavoces que o tema principal a tratar era a modificación da Ordenanza do ICIO e como evitar o pago. Comenta o Sr. Capón Rey que él dixo como se podería compensar ese 5%, e dixo que se podería levar modificando as bases que rexen as axudas do millón de euros, aludindo a aqueles gastos que non se houberan producido se non se houbera producido a catástrofe, e que aí sería onde habería que compensar ese 5%. Continúa a súa intervención o Sr. Capón Rey indicando que iso foille manifestado ao Alcalde en Xunta de Portavoces.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que esa conversa é certa e é coherente co que el dixo, que intervención e tesourería só dicían que era legal o 95%, pero que el era partidario do 100%. Continúa o Alcalde indicando que o que o Sr. Capón Rey dixo de subvencionar o 5%, que os técnicos de intervención dixeron que non lle atopaban encaixe legal. Remata a súa intervención o Alcalde indicando que se trae o que ten encaixe legal.

O Sr. Capón Rey intervén dicindo que cando se dixo que os veciños non deben pagar nada, a interventora dixo que ía estudar o tema pero que non escoitou que dixera que non.

O Sr. Alcalde responde ao Sr. Capón Rey que sí que o dixo e que había máis concelleiros presentes.

O Sr. Capón Rey pregunta ao alcalde se ten informe por escrito da interventora.

O Sr. Alcalde responde que se se pediran todos os informes que quere o Sr. Capón Rey non se faría outra cousa no concello.

O Sr. Alcalde continúa dicindo que incluso manifestou a súa predisposición a incumprir a Lei, porque lle parecía inxusto que asumiran incluso o 5%.

O Sr. Alonso Álvarez intervén dicindo que como pode dicir iso.

O Sr. Capón Rey alude á inseguridade xurídica que xeraría.



A continuación polo Sr. Alcalde se somete a votación a proposta do Alcalde de data 16/07/2018, que resulta aprobada por **unanimidade dos presentes (17 votos a favor)**.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Tui, engadindo o apartado 4, que quedará redactado como segue:

"7.4.- Establécese unha bonificación do 95% a favor das obras de reconstrución, reparación ou rehabilitación dos inmobles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos do día 23 de maio de 2018, por concurrir circunstancias sociais que xustifican que sean declaradas de especial interese ou utilidade municipal.

Esta bonificación se concederá, previa solicitude do suxeito pasivo, polo Pleno da Corporación por voto favorable da maioría dos seus membros, aplicándose con carácter retroactivo dende o día 23 de maio de 2018. A súa tramitación se levará a cabo polo departamento de Urbanismo do Concello, que informará sobre a súa procedencia no caso de tratarse de obras referidas a inmuebles, vivendas ou instalacións afectadas pola explosión en Paramos".

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA D ECONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL REALTIVO A CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2018 C) BASES E PREMIOS CONCURSO IDEAS REORDENACIÓN FRENTE FLUVIAL.

Pola Secretaria se procede á lectura do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de data 21/06/2018, favorable á proposta de Alcaldía de data 18/05/2018, do teor:

" (.../...) CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2018 C) BASES E PREMIOS CONCURSO IDEAS REORDENACIÓN FRENTE FLUVIAL (MODIFICACION DE CRÉDITOS 7/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 1/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, e ante a urxente e inaprazable necesidade de

realizar os gastos relativos a un contrato de servizos e concurso de ideas para a "Reordenación do Frente Fluvial do Rio Miño o seu paso pola cidade de Tui" nos importes de 6.050,00€ e 30.000,00€ respectivamente.

Visto o informe de Intervención EMP 7/18 esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario **número 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial**, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 36.050,00 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-

APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
151	22706	95	Urbanismo - Redacción Bases Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	6.050,00€
151	48900	95	Urbanismo - Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	30.000,00€
			TOTAL	36.050,00 €

TOTAL HABILITACIÓNES..... 36.050,00 €

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTID A	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	36.050,00 €
TOTAL FINANCIACIÓN		36.050,00 €

III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	IMPORTE €
-----------	-----------



1.-Total crédito extraordinario	36.050,00 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	
3.- Financiación igual a habilitación.....	36.050,00 €

SEGUNDO: Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 1/2018 C) Bases e Premios Concurso de Ideas Reordenación Frente Fluvial), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións."

Intervén o Sr. Alonso Álvarez para indicar que na comisión informativa se formulara un voto particular no senso de que se retire da orde do día e que ese diñeiro se dedique a afrontar gastos que poidan xurdir ou haxan xurdido e que non estean orzamentados en relación a Paramos.

Intervén o Sr. Prada Álvarez e indica que sí votou para que quedase enriba da mesa, que o do voto particular non o recorda e que se está recollido ben recollido está. Di que o que non se pode facer é paralizar Tui, pero que 45.000 euros no Pacto de Tui non está dacordo, nun concerto de 2 horas e que despois marchase a xente, e que sí prefería dar ese diñeiro a Paramos. Engade que houbo unha ministra catalana, Valdecasas, que dixo que non entendía como tendo este monte e este río non lle sacábamnos partido. Comenta que todo concelleiro que propoña unha idea deste tipo, él pensa que deberan apoiala. Engade que aquí se propón a xente experta, e que outros alcaldes se porían a facelo sen contar con xente experta.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez dicindo que é a terceira vez que ben. Engade que él presentou o voto particular, e que pode que non sexa unha mala idea, pero que é extemporánea e nestes intres non é urxente. Engade que ao goberno non lle vai dar tempo de facer nada e que é ofensivo para a xente de Paramos, que precisa de cousas básicas, e alude a que facer isto lle parece unha ostentación inoportuna. Pensa que o concurso de ideas se pode facer noutro momento, e reitera que hai xente que non cobrou nada.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que o que se trae é a parte financeira, pero que eles propoñen cambios no convenio do colexio (por exemplo que os membros do xurado os nombre o Pleno), e que nin sequera se levou a comisión para iso. Engade que o convenio di que o ámbito é dende o Mirador á Ponte Internacional, e que o ámbito debería ser dende Caldelas ata o límite do termo municipal. Continúa o concelleiro sinalando que debера recollerse a necesidade do visto bo de Costas. Remata a súa intervención o concelleiro indicando que como quere continuar de igual forma votarán en contra. Engade que como ese diñeiro é do remanente de Tesourería non lles parece mal que se dedique a Paramos.

Intervén a concelleira Sra. Núñez Méndez dicindo que non entenden que se traia, que no último pleno votouse que quedase sobre a mesa e que o Sr. Capón Rey propuxera que quedase sobre a mesa e que se consultase aos técnicos e se integrase na AECT. Engade que presentan igual proposta sen cumprir nada do dito no Pleno anterior, sinala que agora votarán en contra polas formas totalmente inadecuadas, non polo fondo e comenta que este proxecto non é nin urxente nin inaprazable. Remata a intervención indicando que se quere volvemos falar do Plan Concellos 2016 - 2017, de subvencións perdidas ou de subvencións ás que non se presenta ningún proxecto.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que fixo unha pregunta en comisión de si isto ía requirir traballo dos técnicos do Concello, e que o Sr. Alcalde dixera que non. Comenta que sen embargo a Secretaria e a Interventora dixeron que as bases e o proxecto requirirían informes xurídicos e de Intervención e Tesourería, e sinala que ademáis non entenden como se pretende volver a traer isto neste momento, que non é de recibo cando as críticas son de falta de medios económicos e humanos para poder levar adiante o traballo diario. Anuncia que o seu voto será en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o que se trae é unha modificación de crédito e que o convenio é modificable, que de saír hoxe aprobado traballárase en perfilar o convenio. Alude a que nunha fase inicial a sobrecarga do concello é mínima. Comenta que se trae a financiación para externalizar este concurso de ideas, e que a partir de aí poñer en valor o río é fundamental e estratéxico, e canto menos se retrase mellor. Engade que o que din que non se poderá ter realizado neste mandato é unha excusa, e que é positivo ser conscientes das nosas limitacións e por en mans de expertos a posibilidade de reordenación do fronte fluvial.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que aquí é só a aprobación do presuposto, e que propón que os 36.000 euros que van para este proxecto que outros 36.000 vaian para Paramos, pero que se deixe de paralizar o funcionamento de Tui.

Pregunta se se pensa que o alcalde se vai aproveitar de isto para as eleccións, e sinala que se vai por aí o Alcalde pensa que se equivoca. Comenta que él tamén lle dixo ao alcalde que trouxese outras obras, e que os concelleiros din que hai proxectos que non saen, polo que lle gustaría que llo explicaran.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que acaba de explicalo na intervención coa Sra. Núñez, pero que se quere volve a explicalo.

O Sr. Alonso Álvarez intervén dicindo que ve feo e pouco correcto tocar o remanente para isto tendo en conta a situación de Paramos. Engade que o seu voto particular é porque hai algo urxente, e que non podemos mirar para outro lado. Alude a que das axudas do millón de euros poucas axudas están chegando aos veciños, e a que se se aproba isto lle parece unha vergoña.



Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que o Alcalde comentou que o convenio é despois da financiación, e sinala que iso lle parece absurdo porque o convenio está na carpeta. Engade que a sensación que da é que isto é de Convergencia 21 e que o resto non pintamos nada. Propón que quede sobre a mesa e que se convoque unha comisión e se dilixencie este tema, porque no fondo todos están de acordo, e que se hai que convocar un pleno extraordinario e non cobralo non pasa nada.

Intervén o Sr. Cabaleiro González dicindo que ninguén discute a importancia. Engade que postos a facer concursos de ideas hai espazos mais prioritarios, e que se este era un proxecto tan inaprazable púdoose meter nos orzamentos, pero o remanente non está para iso. Sinala que non entende por qué se trae a remanente e non se meteu en orzamentos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle fai un resumo ao Sr. Prada se quere. Alude a que como comentou na execución da sinalización das parroquias e os seus lugares perdeuse a subvención, e que en outubro 2017 aínda non había o permiso de Estradas. Respecto do Palco da Música de Cantón de Diómedes, sinala que foi adxudicado a finais do ano pasado e que estaba paralizado porque se necesitaba un informe dun grado según Patrimonio, polo que foi necesario buscar financiación para iso, engadindo que podía ter comezado pero que se retrasou para perxudicar o menos posible aos comerciantes no verán. Respecto do inventario de camiños di que xa está executado e en breve se tramitará para a exposición pública. Respecto da demolición parcial na rúa Camilo José Cela, sinala o Alcalde que se autorizou a fase 1ª e resulta necesario un estudo da edificación, polo que tívose que refacer o proxecto e vaise xusto. Continúa o Alcalde indicando que o suministro de mobiliario de oficina licitouse, que o mobiliario urbano para o concello está adxudicado, que a reforma de beirarrúas Baiona cambiouse por maquinaria, que agarda poder licitar a limpeza de dependencias municipais, parques e xardíns, e que tódolos proxectos con cargo a remanente se están vendo e algúns se están licitando. Engade que teñen as ofertas da apertura da rúa Ourense, que o proxecto de Sambade non cumpre o que se necesita facer, que o Centro de Piragüismo está paralizado por unha cuestión de Costas e que de Casal Aboy se lle deu ao mesmo proxectista o desenvolvemento. Continúa o Alcalde indicando que se está avanzando, aínda que non todo o rápido que nos gustaría a todos. Di que pensa que hai un grado enorme de demagogia tentando mesturar aquí o de Paramos, e alude a que cando na oposición se enteraron dos 500.000 euros para Paramos, no desamiantado, etc, vostedes cabreáronse, por exemplo vostede Sr. Alonso.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e dille ao Alcalde que está mentindo.

Intevén a Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que o que fai é vergoñoso.

O Sr. Alcalde dille á Sra. Rodríguez Rodríguez que non o obriga a expulsala, que non ten a palabra.

Intervén o Sr. Alcalde e pregúntalle ao Sr. Cabaleiro González que acaba de dicir e pídelle que repita o que acaba de dicir.

O Sr. Cabaleiro dille que non lle pida esixencias, e pregúntalle ao Alcalde se pensa que é un dos oito concelleiros que ten aí.

A Sra. Da Silva Fernández pide respecto.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle ao Sr. Cabaleiro González que retire a ofensa que acaba de facer aos seus compañeiros. O Alcalde dille ao Sr. Cabaleiro González que non o vai tolerar, que é a segunda advertencia e que á terceira o obrigaría a expulsalo.

Intervén a Sra Rodríguez Rodríguez e di que ao final van marchar todos e só vai quedar o Alcalde.

O Alcalde dille á Sra. Rodríguez Rodríguez que respete o turno de intervencións, que é a segunda advertencia e que á terceira procedería a expulsión.

O Sr. Cabaleiro González dille ao Sr. Alcalde que é un provocador.

A Sra. Rodríguez Rodríguez di que respete o Alcalde aos demais e que non diga falsedades.

O Sr. Alcalde dille á Sra. Rodríguez Rodríguez que se vaia do Pleno, e sinala que xa a advertiu catro veces ou non sabe cantas.

O Sr. Alonso Álvarez di que non se pode expulsar por decir algo.

O Alcalde que que hai que gardar as formas, e que por interrupcións reiteradas sí.

A Sra. Rodríguez Rodríguez indica que por moito que o Alcalde insista non vai a coaccionar a súa liberdade de expresión.

Ás 23:09 horas abandona a sesión a Sra. Rodríguez Rodríguez.

O Sr. Capón Rey comenta que no fondo é un acto de cobardía porque o Alcalde non se atreve a expulsar ao Sr. Alonso Álvarez nin ao Sr. Cabaleiro González.

O Alcalde comenta que él non interrompe

O Sr. Alonso Álvarez di que non pode expulsar a un concelleiro por decir algo, que ten que retirarlle a palabra, e que a expulsión é cando alguén do público interrompe.

O Alcalde di que sí pode expulsar e pide á secretaria que o aclare.

Sinálase pola secretaria que tras tres chamadas á orde, e coa advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o Alcalde pode expulsar a un membro da corporación.

- A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a petición do Sr. Capón Rey de que o asunto quede sobre a mesa, arroxando a votación o seguinte resultado: **oito (8) votos a favor** de que o asunto quede sobre a mesa (2 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Álvarez concelleiro non adscrito), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) e **cero (0) abstencións**.

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación sobre a petición de que o asunto quede sobre a mesa, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: **oito (8) votos a favor** de que o asunto quede sobre a mesa (2 PSdG-PSOE, 2



BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Álvarez concelleiro non adscrito), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) **e cero (0) abstencións**. En consecuencia, co voto de calidade do Alcalde queda rexeitado que o asunto quede sobre a mesa.

- A continuación o Sr. Alcalde somete a votación o voto particular formulado polo Sr. Alonso Álvarez no senso de que se retire da orde do día e que ese diñeiro se dedique a afrontar gastos que poidan xurdir ou haxan xurdido e que non estean orzamentados en relación a Paramos, arroxando a votación o seguinte resultado: **oito (8) votos a favor** do voto particular (2 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Álvarez concelleiro non adscrito), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) **e cero (0) abstencións**.

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación sobre o voto particular, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: **oito (8) votos a favor** do voto particular (2 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Álvarez concelleiro non adscrito), **oito (8) votos en contra** (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) **e cero (0) abstencións**. En consecuencia, co voto de calidade do Alcalde queda rexeitado o voto particular.

O Sr. Capón Rey pide unha explicación de voto, e alude a que é expulsar un concelleiro para ganar unha votación.

- O Alcalde sinala que non procede explicación de voto e a continuación somete a votación o asunto (dictame da Comisión de Contas de data 21/06/2018 favorable á proposta de Alcaldía de 18/05/2018), arroxando a votación o seguinte resultado:

Abandonan a sesión os concelleiros Enrique Cabaleiro González, José Ramón Magán Rivera, María Carmen Núñez Méndez, José Martínez Tato, Miguel Ángel Capón Rey, María José González Pérez, Laureano Alonso Álvarez e José Prada Álvarez.

Votos a favor: oito (8).

Votos en contra: cero (0).

Abstencións: cero (0).

Queda aprobado.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario **número 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial**, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 36.050,00 € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-

APLICACION ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
151	22706	95	Urbanismo - Redacción Bases Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	6.050,00€
151	48900	95	Urbanismo - Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial	30.000,00€
			TOTAL	36.050,00 €

TOTAL HABILITACIONES..... 36.050,00 €

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	36.050,00 €
TOTAL FINANCIACIÓN		36.050,00 €

III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	IMPORTE €
1.-Total crédito extraordinario	36.050,00 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	
3.- Financiación igual a habilitación.....	36.050,00 €

SEGUNDO: Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 1/2018 C) Bases e Premios Concurso de Ideas Reordenación Frente Fluvial), que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.



TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

6º. - MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presenta ningunha moción.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL.-

7º.- DACIÓN DE CONTA DE MEDIDAS ADOPTADAS EN RELACIÓN Á TRAXEDIA DE PARAMOS.

Pola Alcaldía se da conta ao Pleno da Corporación do escrito da Alcaldía de data 20/07/2018, do seguinte teor:

"ASUNTO: Dación de conta de medidas adoptadas en relación á traxedia de Paramos.

Visto que o art. 21.1 m) da LBRL indica que corresponde ao alcalde "Adoptar personalmente, y bajo su responsabilidad, en caso de catástrofe o de infortunios públicos o grave riesgo de los mismos, las medidas necesarias y adecuadas dando cuenta inmediata al Pleno."

Visto asimismo o disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en relación coa tramitación de emerxencia.

Esta Alcaldía, en base ao anteriormente exposto, da conta ao Pleno da Corporación das seguintes medidas adoptadas:

- Decreto nº 2018-0684, de data 21/06/2018, de adxudicación contrato de servizos para "Redacción de proxecto, dirección e coordinación no núcleo de Paramos" polo réxime excepcional da tramitación de emerxencia.

- Contratación coa empresa "Demoliciones y Desamiantados Galicia, S.L." , segundo presuposto de data 19/06/2018, asinado pola Alcaldía o 21/06/2018.

- Decreto nº 2018-0807, de data 18/07/2018, de adxudicación contrato de servizo de "xerenciar a xestión, no eido urbanístico, da catástrofe derivada da explosión de material pirotécnico producida en Tui, o 23 de maio de 2018, coordinar as actuacións entre as distintas administracións e a asistencia técnica á corporación. (.../...)"

MOCIÓN DE URXENCIA.- Polo Sr. Alcalde sa comenta que había unha moción de urxencia, e di que **presenta como moción de urxencia a proposta de Alcaldía de data 26/07/2018, expediente 2489/2017, sobre aprobación provisional da modificación puntual do PXOM de Tui, no ámbito dos sectores de solo urbanizable SU2A e SU2B, con ordenacións detalladas.** Engádesse polo Alcalde que a urxencia se xustifica en que non foi posible ter os informes ata hoxe e en que é necesario regularizar a situación o antes posible.

Sínálase pola Secretaria que as mocións de urxencia precisan da xustificación da urxencia e da declaración da urxencia polo Pleno co voto favorable da maioría absoluta, e dado que a maioría absoluta é do número legal de membros, non habería dita maioría absoluta.

Indícase polo Alcalde que entón posponse a cuestión.

8º.- DACIÓN CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA: DENDE A N° 2018-0678 DE 21/06/2018 ATA A N° 2018-0812 DE 18/07/2018.

O Pleno da Corporación municipal queda enterado das resolucións de Alcaldía dende a n° 2018-0678 de 21/06/2018 a n° 2018-0812 de 18/07/2018, das que se da conta.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se producen

Ao non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde se levanta a sesión ás 23:20 horas, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.